

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SÚMASE Á CONVOCATORIA DO 13 DE MAIO COMO DÍA DO NENO HOSPITALIZADO

- A iniciativa parte de diversas fundacións e asociacións nacionais ás que se uniron asociacións galegas que colaboran coa xerencia compostelá.
- Recoñecida a súa excelencia clínica no diagnóstico e tratamento, os centros da xerencia de Santiago continúan a traballar na incorporación de medidas que faciliten a estadía no hospital aos nenos e aos seus pais.

Santiago, 11 de maio de 2018.- A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago súmase á iniciativa de numerosas entidades, fundacións e asociacións nacionais relacionadas co apoio aos nenos hospitalizados que se uniron para solicitar a declaración do *13 de Maio como Día Nacional do Neno Hospitalizado*. Ese día do ano 1986, aprobouse a *Resolución A2-25/86 do Parlamento Europeo sobre a Carta Europea dos Nenos Hospitalizados*.

Co obxectivo de sensibilizar á poboación sobre os efectos que a hospitalización ten nos máis pequenos, a xerencia de Xestión Integrada de Santiago súmase un ano máis a esta convocatoria e desde a Aula Hospitalaria do servizo de pediatría, algúns dos nenos hospitalizados, xunto a profesionais, pais e representantes de asociacións como ASANOG ou a Fundación Andrea fixeron **un lanzamento de bicos para todos os nenos ingresados**, xunto a máis de 180 hospitais de toda España.

A xerencia sanitaria compostelá quere agradecer no día de hoxe tanto ás asociacións impulsoras desta iniciativa e como ás que traballan acotío a prol dos doentes pediátricos o seu labor de acompañamento e apoio.

Esta mañá os nenos e nenas hospitalizados lanzaron bicos aos outros rapaces hospitalizados no resto dos centros nacionais e, ademais das actividades habituais, desenvolveron un taller de música específico.

Desde a xerencia e os profesionais trabállase, unha vez acadadas altas cotas na excelencia clínica da atención sanitaria, na implantación de melloras que redunden nunha atención máis integral e humanizada aos doentes, especialmente os máis pequenos. Tarefa na que vai da man das asociacións que colaboran na implantación de máis melloras cada día.

A Aula Hospitalaria permite aos doentes pediátricos proseguir coa súa formación escolar durante a estadía no hospital, en particular no caso dunha hospitalización prolongada, e conta cunha aula informática, libros e xoguetes adaptados ás diferentes idades e circunstancias, e programa ademais numerosas actividades diarias, tanto lúdicas como formativas.

saúdos

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es
web: <https://xxisantiago.sergas.gal>